

O 25 de xullo do 1933, un grupo de mulleres do Partido Galeguista, entre as que está María Miramontes, asina este chamamento. Foi publicado o 3 de agosto no xornal *La Razón de La In* e o 6 do mesmo mes en *A Nosa Terra*.

“N’iste momento en que Galiza áchase mais necesitada ca nunca do agarimo e do esforzo de todol-os seus fillos, pra a defensa dos seus dereitos descoñecidos e feridos de toda sorte, coidamos que é cando a muller galega, chamada á vida pública por imperativos dos tempos que corren, e por a natureza a ser no fogar a conservadora das tradicións dos nosos maiores e educadora dos galegos de mañán, debe coller decididamente o posto que lle corresponde...”

Imos aportar a nosa vontade e o noso entusiasmo a obra dos que queren erguer a patria galega a altura e dinidade de que é merecente. Non pra misturarnos na política nen con propósito de escrusividade e de combate, senon, co curazón aberto e limpa intención, chamar a concordia e a unidá á todol-os fillos de Galiza... Porque como mulleres e como galegas, mais que o poder, importáanos o espírito e mais que a forza a boa vontade...

Chamamos ao voso curazón de fillas e de nais: pol-a lembranza dos antergos e po-lo porvir dos nosos fillos: pol-o noso fogar, pol-a nosa tradición, pol-a nosa cultura, pol-a nosa fala, pol-a nosa prosperidade colectiva, pol-a limpeza política, pol-a paz social, vinde a nos”.